



ACTA N.º 9/2011
SESIÓN ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO CELEBRADA O 28 DE XULLO DE
2011

ASUNTOS

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1. ACTA ANTERIOR

I.2. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES: A) NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR. - B) NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

I.3. TOMA DE RAZÓN DOS INTEGRANTES DAS COMISIONS INFORMATIVAS

I.4. PROPOSTA DE REPRESENTANTE NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA

I.5. PLAN SECTORIZACION SAU-9. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

I.6. RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS POR IMPORTE DE 18.135,31 €.

I.7. DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA ASEMBLEA XERAL DA REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SOSTIBILIDADE.

II.- CONTROL DOS ORGANOS DE GOBERNO

II.1. REBOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

II.2. INFORMES SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010

II.3. ACEPTACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN

II.4. ROGOS E PREGUNTAS

ASISTENTES:

Grupos:

Alcalde-Presidente:

- PP:

- D. Alberto Valverde Pérez

Concelleiros/as:

- D. Ignacio Vilas González
- D. Alberto García Pazos
- D.ª Liliana Silva Pequeño
- D.ª Ana Rosa Costas Abalde
- D. José Álvarez Valverde
- D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorrito
- D.ª Rosa Rodríguez Rodríguez
- D.ª M.ª José Pino Fernández

- PSOE:

- D. Juan Antonio González Pérez
- D.ª M.ª Dolores Araujo Duarte
- D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
- D.ª Rosa Manuela Vilán Costas
- D. Rubén Rial Sánchez
- D. Manuel Doldán Costas

- Mota

- D. Xavier Rodríguez Fernández
- D. Antonio Fernández Comesaña

Interventor: D. Modesto Solla Sanz
 Secretario: D. Julio César Doallo Álvarez.

Outros datos da sesión:

- *Data:* xoves, 28 de xullo de 2011
- *Lugar de celebración:* Salón de Sesións da Casa Consistorial de Nigrán
- *Carácter da sesión:* ordinaria.
- *Convocatoria:* primeira.
- *Hora de comezo:* 10:01.
- *Hora de remata:* 12:09.
- *Número legal de membros da Corporación:* 17
- *Número de membros asistentes no momento da constitución:* 17
- *Alteracións no quórum de asistencia:* Non se producen.

Incidencias: Non se recollen.

Coas circunstancias sinaladas celebrouse, en acto público, a sesión plenaria á que se refire a presente acta, na que se trataron os asuntos que seguidamente se describen, respecto dos que se adoptaron os acordos que se fan constar.

I.- PARTE RESOLUTIVA

I.1.- ACTA ANTERIOR

A acta que se somete á aprobación corresponde á sesión de data: 23 de xuño de 2011.

Preguntando o Sr. Presidente se algún membro da Corporación ten algo que obxectar á acta da sesión sinalada, distribuída coa convocatoria, xunto cunha copia do audio para cada grupo, non se producen intervencións.

Votación e acordo. Sometida á votación a acta da sesión do 23 de xuño de 2011 queda aprobada cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación.

I.2.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES: A) NA MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS DO VAL MIÑOR .- B) NA MANCOMUNIDADE DA ÁREA INTERMUNICIPAL DE VIGO

Expte: 2011/0255

A) Na sesión plenaria de 23 de xuño de 2011 acordouse que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade do Val Miñor polo Alcalde e por catro Concelleros, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:



- Dous Concelleiros pertencentes ao grupo Popular.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Socialista.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Mixto.

B) Na sesión plenaria de 23 de xuño de 2011 acordouse que o Concello de Nigrán estea representado na Xunta da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo polo Alcalde e por tres Concelleiros, propostos polos respectivos grupos, do seguinte xeito:

- Un Concelleiro pertencente ao grupo Popular.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Socialista.
- Un Concelleiro pertencente ao grupo Mixto.

Tendo en conta as correspondentes propostas dos grupos políticos municipais, o Pleno cos votos a favor dos 17 membros que integran a Corporación, **ACORDA:**

A) Aprobar a designación dos catro membros da Corporación seguintes, que, ademais do Alcalde, representarán ao Concello de Nigrán na Xunta da Mancomunidade do Val Miñor:

- D^a. Liliána Silva Pequeño (grupo Popular)
- D. José Álvarez Valverde (grupo Popular)
- D^a. M.^a Dolores Araujo Duarte (grupo Socialista)
- D. Xavier Rodríguez Fernández (grupo Mixto)

B) Aprobar a designación dos tres membros da Corporación seguintes, que, ademais do Alcalde, representarán ao Concello de Nigrán na Xunta da Mancomunidade da Área Intermunicipal de Vigo:

- D. Ignacio Vilas González (grupo Popular)
- D^a. M.^a Dolores Martínez Losada (grupo Socialista)
- D. Antonio Fernández Comesaña (grupo Mixto)

L3.- TOMA DE RAZÓN DOS INTEGRANTES DAS COMISIONS INFORMATIVAS

Expte: 2011/025S

Na sesión plenaria de 23 de xuño de 2011 adoptouse o acordo de creación, composición e funcionamento das comisións informativas permanentes.

Corresponde a cada grupo político sinalar de entre os seus membros aos que deban formar parte das respectivas Comisións Informativas.

Vistas as respectivas comunicacións, as diferentes Comisións quedan integradas do seguinte xeito, aclarando a Presidencia que cada suplente substitúe pola mesma orde ao respectivo titular:

1.- Comisión Especial de Contas:

Grupo Titulares**Suplentes****PP**

D. Alberto García Pazos
 D^a. M^a José Pino Fernández
 D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez
 D^a. Ana Rosa Costas Abalde

D. Ignacio Vilas González
 D^a. Liliana Silva Pequeño
 D. José Álvarez Valverde
 D^a. M^a. del Carmen Alonso-Macias Jorreto

PSOE

D^a. M^a Dolores Martínez Losada
 D. Rubén Rial Sánchez
 D. Manuel Doldán Costas

D^a. M^a Dolores Araujo Duarte
 D^a. Rosa Vilán Costas
 D. Juan A. González Pérez

MIXTO

D. Antonio Fernández Comesaña

D. Xavier Rodríguez Fernández

2.- Comisión de Urbanismo:**Grupo Titulares****Suplentes****PP**

D. Alberto García Pazos
 D. Ignacio Vilas González
 D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez
 D^a. Ana Rosa Costas Abalde

D^a. Liliana Silva Pequeño
 D^a. M^a. José Pino Fernández
 D. José Álvarez Valverde
 D^a. M^a. del Carmen Alonso-Macias Jorreto

PSOE

D. Juan A. González Pérez
 D^a. Rosa Vilán Costas
 D. Manuel Doldán Costas

D^a. M^a Dolores Martínez Losada
 D^a. M^a Dolores Araujo Duarte
 D. Rubén Rial Sánchez

MIXTO

D. Xavier Rodríguez Fernández

D. Antonio Fernández Comesaña

3.- Comisión de Asuntos Xerais:**Grupo Titulares****Suplentes****PP**

D. Alberto García Pazos
 D^a. M^a. José Pino Fernández
 D^a. Rosa Rodríguez Rodríguez
 D^a. Ana Rosa Costas Abalde

D^a. Liliana Silva Pequeño
 D. José Álvarez Valverde
 D^a. M^a. Del Carmen Alonso-Macias Jorreto
 D. Ignacio Vilas González



PSOE

M.ª Dolores Araujo Duarte
D.ª Rosa Vilán Costas
D. Rubén Rial Sánchez

D. Manuel Doldán Costas
D.ª M.ª Dolores Martínez Losada
D. Juan A. González Pérez

MIXTO

D. Xavier Rodríguez Fernández D. Antonio Fernández Comesaña

I.4.- PROPOSTA DE REPRESENTANTE NO CONSELLO TERRITORIAL DA PROPIEDADE INMOBILIARIA

A Comisión Informativa de Asuntos Xerais do 21 de xullo de 2011, dictamina o seguinte:

Infórmase do escrito da Delegación de Economía e Facenda de Pontevedra, de 1 de xullo de 2011 (registro de entrada 9089, de 6 de xullo), no que se interesa que, de entre os Concellos da Provincia con poboación igual ou inferior a 20.000 habitantes, que indica na propia comunicación, se propoña un para ocupar a correspondente vogalía no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria.

Previas as correspondentes volacións fórmulanse as seguintes propostas:

PROPOSTA 1.- A favor do Concello de Valga, respaldada polo grupo PP e Presidencia.

PROPOSTA 2 - A favor do Concello de Nigrán, respaldada polos grupos PSOE e Mixto.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica as propostas. O grupo Popular apola a do Concello de Nigrán.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo Socialista: Aplauda a rectificación do PP e que retire a primeira proposta a favor do Concello da Valga.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: Tamén se alegra da rectificación. Ademais o Concello de Valga non ten características análogas ao de Nigrán.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Non había razón para propoñer ao de Valga. En caso doutra alternativa, podía ser algún do Val Miñor.

Sr. Alcalde-Presidente: Se hai un erro rectificase. Sería interesante que Nigrán puidese participar. Quedamos pendentes do que digan outros Concellos.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 17; grupos PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinelada, o Pleno do Concello acorda propor a **Concello de Nigrán** para ocupar no Consello Territorial da Propiedade Inmobiliaria a vogalía correspondente aos Concellos da Provincia con poboación igual ou inferior a 20.000 habitantes.

1.5.- PLAN SECTORIZACION SAU-9. PROPOSTA DE APROBACIÓN DEFINITIVA

Expte. nº. 10/0523 U

A Comisión Informativa de Urbanismo do 21 de xullo de 2011 formula ao Pleno a seguinte Proposta:

1 En data 23 de xuño de 2009 ditouse resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, pola que se declarou a non necesidade de someter a avaliación ambiental estratéxica a modificación puntual nº 1 do Plan de Sectorización do SAU-9 deste Concello.

Posteriormente, mediante decreto da Alcaldía de 17 de decembro de 2010 aprobouse con carácter inicial a proposta de modificación singular nº 1 do Plan de Sectorización do SAU-9 "Porto do Molle", referida á adaptación do dito planeamento de desenvolvemento ás determinacións contidas na Modificación Singular nº 20 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán (NNSS) e á incorporación doutras modificacións na ordenación do sector, de conformidade co indicado no apartado quinto do Tomo I "Síntesis y justificación de la modificación" da documentación achegada en data 25 de novembro de 2010.

2. Publicáronse anuncios da aprobación inicial da presente modificación singular en dous diarios da provincia e no DOGA de 31 de decembro de 2010.

3. Formuláronse alegacións durante o período de exposición pública, emitíndose informe sobre as mesmas polo arquitecto municipal en data 28 de febreiro de 2011 e polo enxeñeiro municipal en data 14 de marzo de 2011, no sentido de que, dende un punto de vista técnico, non procede introducir cambios no documento á vista das mesmas.

4. Constan emitidos informes sectoriais favorables polo Subdirector Xeral de Xestión do Dominio Público Hidráulico en data 14 de febreiro de 2011, pola Dirección Xeral de Infraestruturas da Xunta de Galicia no 23 de febreiro de 2011, e pola Dirección Xeral de Patrimonio Cultural no 18 de marzo de 2011.

5. En data 6 de abril de 2011 a alcaldía do Concello de Nigrán ditou resolución pola que se aprobou provisionalmente a proposta de modificación singular, introducindo alteracións respecto da documentación aprobada inicialmente. No apartado segundo da parte dispositiva do mesmo decreto acordábase supeditar a aprobación definitiva da presente modificación singular á previa entrada en vigor da Modificación singular nº 20 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán.

6 En data 30 de maio de 2011 tivo entrada no Rexistro Xeral deste Concello o informe previo á aprobación definitiva emitido pola Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Xunta de Galicia ao abeiro do previsto no art. 86.1 da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de



Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA). O dito informe emitíuse en sentido favorable.

7. En data 1 de xuño de 2011 emitíuse polo arquitecto municipal informe no que se sinala que non existen observacións á calidade da ordenación proxectada, polo que procede a continuación da tramitación do expediente.

8. En data 7 de xullo de 2011 tivo entrada no Rexistro Xeral do Concello certificación do acordo da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia adoptado en sesión do 29/06/11 ao abeiro do previsto no art. 84.4 da LOUGA, no que se informa favorablemente a modificación en trámite.

9. En data 12 de xullo de 2011 emitíuse informe polo técnico de administración xeral sinalando que procedería continuar coa tramitación, e recomendando a aprobación dun texto refundido das ordenanzas do Plan de Sectorización.

10. En data 24 de marzo de 2011 ditárase polo Consello da Xunta de Galicia decreto 50/2011 polo que se aprobou definitivamente o proxecto de modificación puntual nº 20 das Normas Subsidiarias de Planeamento Municipal do Concello de Nigrán. O texto de modificación foi publicado no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra nº 84, de data 3 de maio de 2011. En consecuencia, dáse cumprimento ao previsto no punto segundo da parte dispositiva do decreto da alcaldía de 6 de abril de 2011.

Á vista de canto antecede, vistos os informes técnicos, xurídicos, sectoriais e autonómicos emitidos no seo do expediente administrativo, tendo en conta os demais pormenores do expediente, e de conformidade co preceptuado no art. 22.2.c da Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases do Réxime Local, propónse ao Pleno do Concello de Nigrán a adopción do seguinte **ACORDO**:

PRIMEIRO.- Aprobar definitivamente a modificación singular nº 1 do Plan de Sectorización do SAU-9 "Porto do Molle", referida á adaptación do dito planeamento de desenvolvemento ás determinacións contidas na Modificación Singular nº 20 das Normas Subsidiarias de Planeamento do Concello de Nigrán (NNS) e á incorporación doutras modificacións na ordenación do sector.

SEGUNDO.- Comunicar esta aprobación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas da Xunta de Galicia, e darlle traslado da documentación correspondente.

TERCEIRO.- Publicar este acordo no Diario Oficial de Galicia, facendo constar na publicación a remisión da documentación á Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas.

CUARTO.- Publicar no Boletín Oficial da Provincia a normativa do Plan de Sectorización, que, para o seu mellor manexo e comprensión, conterá o texto refundido das ordenanzas, integrado polas publicadas no BOP de 1 de xullo de 2005, coas modificacións agora aprobadas definitivamente.

QUINTO.- Indicar que esta resolución pon fin á vía administrativa e cabe interpoñer fronte á mesma recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses a contar desde o día seguinte ao da súa publicación. Todo elo sen prexuízo de que se poida exercer, no seu caso, calquera outro recurso que se estime procedente.

SEXTO.- Facultar ao Alcalde para realizar as actuacións que requira a execución do acordado.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Explica a proposta e os seus antecedentes, facendo fincapé nos informes favorables. Trátase de impulsar o proceso para a seguridade xurídica do parque.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Agradece que se recoñeza que é finalización dun proceso, mais alá de declaracións na prensa atribuíndose o mérito. O anterior goberno socialista fixo os seus deberes, para mellorar esta regulación. Repasa os trámites realizados no mandato anterior. Só quedaba que o Pleno ratificase ese traballo. Votarán a favor

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: O BNG absterase por prudencia. O expediente é complexo. Agora só se trata da aprobación definitiva e o BNG, por falta de representación na etapa precedente, non ten toda a información necesaria. A raíz da modificación da saída da autoestrada aproveitouse para introducir unha serie de modificacións en cascada.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Ven precedida da modificación número 20 das Normas subsidiarias e motivada pola modificación do enlace da autoestrada. A oposición no seu día traballou para evitar que se afectase unha zona verde, na época do bipartito. Levamos 20 anos falando disto, e houbo moitas dificultades. Máis que colgamos medallas, é o momento de felicitarnos polo conseguido. Apoia a modificación e espera que sirva para que Nigrán despegue, a pesar da crise. Aínda faltan por completar determinados enlaces

Sr. Alcalde-Presidente: É o final dun proceso moi longo, que se remonta aos anos 90, no que participaron moitas corporacións. Na última fase resolvéronse as dúbidas legais sobre a afectación das zonas verdes a través da Comisión Superior de Urbanismo de Galicia. Tamén lembra que no seu día se evitou o sacrificio dunha relevante superficie dunha zona verde.

Sr. González Pérez: Non se entenda que discuta, e que a continuación todos voten a favor. Ogallá sigamos falando de Porto do Molle como elemento relevante para o futuro de Nigrán.

Sr. Alcalde-Presidente: Quede como resumo o espírito de colaboración.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

-Votos a favor: 16; grupos PSOE, PP e o Sr Fernández Comesaña, do grupo Mixto.

-Votos en contra: Ningún.

-Abstencións: 1; Sr. Rodríguez Fernández, do grupo Mixto.



Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta dilaminada pola Comisión Informativa.

1.6.-RECOÑECIMENTO EXTRAJUDICIAL DE CREDITOS POR IMPORTE DE 18.135,91 €

A Comisión Informativa especial de Contas na sesión celebrada o día 20 de xullo de 2011, informa favorablemente o expediente do recoñecemento extraxudicial de créditos, que incorpora a seguinte proposta da Alcaldía:

Visto o expediente administrativo correspondente ao recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 27.897,07 euros.

Visto o indicado na Sentencia número 10/2011, do 5 de xaneiro de 2011, do Xulgado do Contencioso-Administrativo número 2 de Vigo, pola que se desestima integramente o recurso interposto por un policía do Concello de Nigrán fronte á falta de abono de cantidades por asistencia a cursos, asistencia a xuízos, asistencia a tribunais de selección de persoal, así como servizos realizados en días feirados, fins de semana e xornadas extraordinarias.

Vistos os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán nun informe do día 28.01.11, referencia T 45/11.

Visto o indicado nun informe do Secretario Xeral do Concello de Nigrán, do día 15.07.11.

Considerando esta Alcaldía que no expediente administrativo referido ao recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 27.897,07 euros debe manterse e aplicarse idéntico criterio que o seguido na contabilización de gastos efectuados omitindo total ou parcialmente os procedementos legalmente establecidos para a súa realización -incluíndo a fiscalización preceptiva previa- pero que correspondan a gastos que deba pagar o Concello de Nigrán e que contén con sinaturas de conformidade e visto e prace.

Así, alíguese o conteno citado con respecto aos gastos incluídos no expediente administrativo, agás para os gastos referidos a asistencias a tribunais de selección de persoal nos que se serán pagadas as asistencias que correspondan á realización de probas orais ou escritas; resultando un total de 18.350,06 euros (excluíndose do citado importe, malia ser procedente o seu pago, un total de 214,15 euros que corresponden ao actual Interventor Xeral neste Concello, por solicitude expresa deste funcionario no último parágrafo do reparo décimo segundo do seu informe ao expediente administrativo referido ao recoñecemento extraxudicial de créditos por importe de 27.897,07 euros) polo que resulta un total de 18.135,91 euros.

Por todo o anterior, e ao abeiro do establecido no artigo 217.2 do Real Decreto Legislativo 2/2004, de 2 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, así como no artigo 60.2 do Real decreto 500/1980, de 20 de abril, propófolle ao Concello Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Resolver os reparos formulados polo Interventor Xeral no Concello de Nigrán nun informe do día 28.01.11, referencia T 45/11.

Segundo.- Recoñecer extraxudicialmente todos os créditos indicados na relación unida a esta proposta por importe total de 18.135,91 euros.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Resume os antecedentes. O criterio é que estean acreditados e ter en conta o sinalado nunha sentenza ditada. Excluíronse os gastos sen xustificación suficiente.

D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista: Le o sinalado polo actual Alcalde no Pleno onde se debateu o asunto, no cal quedara sobre a mesa. O PSOE non tivo tempo de traelo. Á vista do informe do Secretario, votarán a favor.

D. Xavier Rodríguez Fernández, do grupo mixto: O BNG votará a favor, cunha advertencia: non avalan esta forma de actuar, porque son gastos previsibles e o procedemento non é o axeitado.

D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto: Quedara pendente no Pleno este asunto. O sorprendente é que estes gastos cheguen a esta fase sen que o goberno daquel momento tivese a previsión de actuar correctamente. A sentenza que motivou que o asunto quedase sobre a mesa xa era previamente coñecida, e púidose traer o asunto definido. A extensión dos efectos a terceiros producía certas dúbidas. Apoiarán que os funcionarios cobren o que se lles debe.

Sr. Alcalde-Presidente: Os gastos corresponden a un período no que as cousas non se fixeron ben. Estase traballando nun protocolo para arranxar o procedemento. O grupo popular pediu naquela Comisión Informativa o informe do Secretario, que se puidera pedir antes, e agora no goberno trata de resolver a cuestión.

Sr. González Pérez: O 15 de xullo, data do informe do Secretario, o PSOE xa non gobernaban. Dílle ao Sr. Fernández Comesaña, que non faga oposición á oposición e que se limite ao tempo de intervencións no Pleno. Seguimos discutindo sobre algo no que estamos a favor.

Sr. Fernández Comesaña: Por alusións. Ao Sr. González Pérez dílle que foi concelleiro de facenda e que as verdades doen.

Sr. Alcalde-Presidente: O informe do Secretario incorpórase á instancia do Partido Popular. Alégrase de que os funcionarios cobren o que lles pertence.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar.

- Votos a favor: 17; grupos PP, PSOE e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: Ningunha.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda aprobar nos seus propios termos a proposta ditaminada pola Comisión Informativa.



I.7.- DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES DO CONCELLO NA ASEMBLEA XERAL DA REDE GALEGA DE CONCELLOS POLA SOSTIBILIDADE

Proposta da Alcaldía (22 de xullo de 2011)

A partir da iniciativa adoptada en acordo plenario de 25 de xuño de 2008 o Concello de Nigrán pasou a integrarse na rede galega de Concellos pola sostibilidade, regulada na Orde de 23 de maio de 2008, da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible (DOG 4-6-2008).

Mediante escrito de 20 de xullo de 2011 (registro de entrada no Concello num. 9.745, do 22 de xullo) a Fegamp lembra a necesidade de designar un vocal e un suplente, elixidos polo Pleno, que actuarán como representantes do concello na Asemblea Xeral da rede, de conformidade co previsto no art. 2º.6 da referida Orde.

Á vista do sinalado propónse ao Pleno que designe como titular a D. Ignacio Vilas González, Concelleiro delegado de urbanismo e medio ambiente, e como suplente a D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto, Concelleira delegada de benestar social e sanidade.

Deliberación.- Síntese das intervencións:

Sr. Alcalde-Presidente: Aclara que a comunicación chegou despois da Comisión Informativa.

Votación e acordo.- Previa votación ordinaria, adoptouse o acordo que a seguir se fai constar:

- Votos a favor: 11; grupos PP e Mixto.
- Votos en contra: Ningún.
- Abstencións: 6; PSOE.

Coa maioría sinalada, o Pleno do Concello acorda designar como vocal na asemblea xeral da Rede Galega de Concellos pola Sostibilidade a D. Ignacio Vilas González, Concelleiro delegado de urbanismo e medio ambiente, e como suplente a D.ª M.ª Carmen Alonso Macías Jorreto, Concelleira delegada de benestar social e sanidade

II.- CONTROL DOS ÓRGANOS DE GOBERNO

II.1.-RESOLUCIÓNS DA ALCALDÍA

Os efectos do previsto no art. 42 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, sinalase que dende a convocatoria da sesión estivo a disposición dos Sres. Concelleiros copia dos Decretos da Alcaldía dictados entre o 1 de abril e o 30 de xuño de 2011, ambos incluídos.

Dáse conta do Decreto do 20 de xullo de 2011, relativo á Modificación do Contrato de Redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Nigrán suscrito en data 31/07/08, e que di:

Expte. 2011/067C

Antecedentes

1. En data 31/07/08 o Concello e a Unión Temporal de Empresas Amaiz Consultores S.L. - Tinsa Consultoría S.A.U. subscribiron o contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Nigrán.

2. No momento no que correspondía abordar a redacción do documento para aprobación inicial, a modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia (LOUGA) operada pola Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da anterior, obrigou, entre outras cuestións, á redacción dun anteproxecto de planeamento como documento de inicio, contendo un estudo detallado do medio rural e do modelo de asentamento poboacional, así como a descrición e avaliación do sistema de núcleos que se propoñía.

A Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas, mediante informe de 9 de agosto de 2010, sinalou que á vista da anterior modificación normativa o procedemento de tramitación do PXOM de Nigrán debía retrotraerse á fase de redacción do anteproxecto de plan para a súa tramitación ambiental. Este feito, do que foi informado o contratista, constitúe unha circunstancia obxectiva sobrevida que fai necesaria a modificación do contrato, tal e como autoriza o prego de cláusulas administrativas no seu apartado preliminar, e sempre no marco do sinalado na legislación de contratos das Administracións públicas.

3. Mediante Orde do 29/07/10 (DOG do 9/08/10) a Xunta de Galicia convocou unha liña de subvencións para a adaptación dos Plans Xerais en redacción ás determinacións da Lei 2/2010. A través do decreto da alcaldía de data 2/09/10, o Concello de Nigrán solicitou o outorgamento da dita subvención en aras a sufragar o custo dos traballos de adaptación a esta nova norma.

En data 26/11/10 comunicouse ao Concello por fax o outorgamento da referida subvención, que se cifra en 22.016,23 €. Un dos condicionamentos desta subvención (arts. 14, 15 e 16) era, ademais da modificación do contrato, o da remisión dun anteproxecto de planeamento ao órgano ambiental da Consellería de Medio Ambiente Territorio e Infraestruturas no propio mes de novembro de 2010, convenientemente adaptado á Lei 2/2010. Esixíase igualmente incorporar ao contrato modificado as prescricións que para tal finalidade aprobouse a Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo no ano 2010.

O equipo redactor cifrou en 21.000 € (IVE engadido) o importe dos traballos de revisión e adaptación do documento de inicio xa tramitado, redacción do estudo do medio rural e redacción do modelo de asentamento poboacional, todo elo de conformidade coas determinacións da Lei 2/2010.

4. Conta tida da brevidade dos prazos concedidos no acordo de outorgamento da subvención, o contratista achegou en data 26/11/10 o anteproxecto do PXOM, que foi presentado no mesmo



dia no rexistro da administración autonómica. En data 30/11/10 o contratista e o Concello acordaron promover a modificación do contrato de redacción do PXOM co fin de incorporar ao mesmo as circunstancias derivadas da lei 2/2010, supeditando a decisión ao pronunciamento favorable do Pleno municipal.

5. En data 3/12/10 remitiuse á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas acordo da alcaldía no que, entroncas cuestións, solicitábase que se indicase ao Concello as concretas prescricións que debían incorporarse nos pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas do contrato de redacción de planeamento suscrito no seu día, do que se lles xuntou copia. Na data presente non consta que se teña dado resposta a esta solicitude.

6. En sesión de data 22/12/10, o Pleno do Concello, á vista dos antecedentes e da situación concorrente, acordou delegar no Alcalde as competencias do Pleno, como órgano de contratación, referidas concretamente á adaptación do contrato de redacción do PXOM de Nigrán ás determinacións da Lei 2/2010, incluída a aprobación do gasto correspondente.

7. En data 7/01/11 recibíuse unha transferencia da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Infraestruturas por importe de 18.900 €, que se corresponde co 90% do importe da proposta de honorarios presentada polo contratista para a realización dos traballos complementarios de adaptación do PXOM á Lei 2/2010. Este importe resultaría de aplicación do art. 13.1 da Orde de 29/07/10 reguladora da subvención complementaria para a adaptación do PXOM á Lei 2/2010.

8. Con data 19/05/2011 remitiuse á empresa adjudicataria Providencia da Alcaldía-Presidencia na que se lle daba audiencia ó contratista previa á aprobación da modificación do contrato.

9. Con data 31/05/2011 o contratista prestou a súa conformidade á modificación do contrato de acordo coa Providencia da Alcaldía citada.

10. En data 28/06/11 emitíuse polo interventor municipal informe formulando reparos á adopción do acordo.

11. En data 19/07/11 emitíuse certificación de retención de crédito por importe de 21.000 €.

Fundamentos xurídicos

1. A modificación dos contratos administrativos.

O art. 101 do Real Decreto Lexislativo 2/2000, do 16 de xuño, polo que se aprobou o texto refundido da lei de contratos das administracións públicas (RLCAP), e en semellante sentido o art. 202 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (LCSP), establecen que unha vez perfeccionado o contrato, o órgano de contratación só poderá introducir modificacións no mesmo por razóns de interese público e para atender a causas imprevistas, xustificando debidamente a súa necesidade no expediente.

De acordo co previsto no art. 102 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas (RLCAP), cando sexa necesario introducir algunha modificación no contrato, redactárase a oportuna proposta

integrada polos documentos que xustifiquen, describan e valoren aquela. A aprobación polo órgano de contratación requirirá a previa audiencia do contratista e a fiscalización do gasto correspondente. Respecto da audiencia ao contratista estableceuse unha previsión similar no art. 195 da LCSP.

Segundo o previsto no art. 202.3 da LCSP, as modificacións dos contratos deben formalizarse de acordo co previsto no art. 140 do mesmo texto legal, isto é, en documento administrativo dentro dos dez días hábiles a contaren dende o día seguinte ao da notificación da adjudicación definitiva.

2. Posibilidade da modificación contractual.

A presente modificación contractual ven motivada pola entrada en vigor da Lei 2/2010, do 25 de marzo, de medidas urxentes de modificación da Lei 9/2002, do 30 de decembro, de Ordenación Urbanística e Protección do Medio Rural de Galicia. A Lei 2/2010 realiza importantes modificacións sobre o texto da LOUGA vixente na data de suscripción do contrato de redacción do PXOM. Entro outras cuestións, modifícanse os arts. 84 e 85 da LOUGA, obrigando á redacción dun anteproxecto de planeamento como documento de inicio, así como un estudo detallado do medio rural e do modelo de asentamento poboacional nesla mesma fase de anteproxecto. Ademais, modifícanse a regulación e concepción do solo de núcleo rural, así como determinacións relativas ao solo rústico.

A Disposición Transitoria Primeira da Lei 2/2010 establece que os plans en tramitación que non alcanzasen a aprobación inicial á data de entrada en vigor da mesma deberán adaptarse plenamente a ela. Realizada consulta á Secretaría Xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo sobre a necesidade de adaptar o PXOM de Nigrán en redacción a esta Lei, emítese por aquela informe de 9 de agosto de 2010 no que se sinalou que o procedemento de tramitación debía retrotraerse, remitindo ao órgano ambiental un anteproxecto de planeamento como documento de inicio, coa documentación esixida polo artigo 84.4 da LOUGA.

Este imperativo conleva a necesidade de operar unha modificación no contrato de redacción do PXOM, ao non estares prevista no mesmo a necesidade de elaborar esta documentación e resultares preciso adaptar o traballo xa realizado ás novas determinacións legais. Xa que logo, a modificación contractual atópase debidamente xustificada de conformidade co previsto no art. 202 da LCSP.

Vistos os reparos da Intervención consignados no Informe de 28 de xuño de 2011 e tendo en conta:

Que foi o Pleno o que, previo ditame da correspondente Comisión Informativa, valorou no seu acordo de 22 de decembro de 2010, á vista das circunstancias concorrentes, a procedencia de modificar o contrato, para adaptar a prestación ás determinacións da Lei 2/2010, contando co previo informe da Secretaría Xeral do Concello de 10 de decembro de 2010.

Que entre as circunstancias tidas en conta polo Pleno se atopaban tanto os condicionantes derivados da Orde de 9 de xullo de 2010 (referida ás subvencións complementarias para levar a cabo a referida adaptación legal do planeamento en trámite á expresada Lei 2/2010), coma os contidos na Resolución de concesión da



subvención, de data 23 de novembro de 2010. O non atender tales condicionamentos determinaría a perda da axuda económica outorgada, co conseguinte prexuízo para a facenda municipal.

Que con independencia do anterior, a valoración dos traballos de adaptación obedeca ao módulo previsto na referida Orde, atopándose a oferta por debaixo da cifra de referencia, co correlativo beneficio para a facenda pública.

Que a prestación que corresponde realizar á adxudicataria non se limita á redacción do anteproxecto de planeamento, senón que comprende o posterior e transcendental aspecto de incorporar á documentación do Plan Xeral, aínda pendente de presentar, as determinacións que figuran no Documento de referencia emitido pola Concellería competente.

Que, a maiores, a adxudicataria tamén acepta incluír no Plan en redacción, e sen alterar o prezo da modificación, aquelas determinacións derivadas doutras modificacións normativas producidas, o que supón un adicional beneficio para os intereses económicos do Concello.

Que o Pleno delegou no Alcalde tanto a competencia para a materialización da modificación coma a da aprobación do gasto correspondente, sen que pola intervención se advirta da insuficiencia ou inadecuación do crédito existente.

Á vista de canto antecede, esta Alcaldía, solventados os reparos formulados, e exercendo as facultades delegadas polo Pleno do Concello na sesión de 22 de decembro de 2010, **RESOLVE:**

PRIMEIRO.- Aprobado a modificación do contrato asinado o 31/07/08 cos UTE Arnaiz Consultores, S.L. - Tinsa Consultoría S.A.U. para a redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal de Nigrán, adxudicado en sesión plenaria de 25/06/08.

SEGUNDO.- Aprobado o gasto de 21.000 € (IVE engadido) polo concepto indicado, con cargo á partida orzamentaria 2011/15062700.

TERCEIRO.- Sinalar como contraprestacións da empresa adxudicataria, ademais da obriga de redactar o anteproxecto esixido pola lexislación urbanística modificada, que xa foi tomado en consideración polo órgano ambiental autonómico mediante a emisión do documento de referencia -resolución da Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental de 21/01/11-, a de incorporar á documentación do PXOM as determinacións resultantes do citado documento de referencia e de todas aquelas derivadas dos cambios normativos producidos con posterioridade á adxudicación do contrato.

CUARTO.- Proceder á formalización do documento de modificación do contrato indicado no apartado primeiro, sinalando a tal efecto o prazo de 10 días contados a partir da notificación da presente resolución. Previa a dita formalización deberá consignarse garantía definitiva por importe adicional de 889,83 €, correspondente á variación do prezo do contrato.

II.2. INFORMES SOBRE CUMPRIMENTO DOS PRAZOS PREVISTOS NA LEI 15/2010

Tendo en conta o sinalado na Lei 15/2010, de 5 de xullo, de modificación da Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de lotta contra a morosidade nas operacións comerciais, puxéronse á disposición dos membros do Pleno os correspondentes

informes da Tesourería e da Intervención municipais, consignándose, a efectos da publicación prevista na citada normativa, a seguinte información:

1.- Informe da Tesourería:

1.1. Data de emisión: 19 de maio de 2011

1.2. Epígrafe: Cumprimento dos prazos de pago das operacións comerciais do Concello de Nigrán, durante o 1.º trimestre do 2011.

1.3. Extracto: De acordo coa información obtida da Contabilidade Municipal dos exercicios 2010 e 2011, o número e contía global das obrigas recoñecidas rexistradas nos períodos antes mencionados, respecto das cales se incumpriron os prazos de pago legalmente establecidos, son as seguintes:

A) Saldo pendente anterior (Sínforme de Tesourería de data 28/01/2011).- Facturas rexistradas no período 07/07/2010 a 05/11/2010

ESTADO DE TRAMITACION A 31-3-2011	Nº DE FACTURAS	IMPORTE (Ive Ingadido)
Saldo de "ORs" Ptes de pago / compensación a 31-12-2010	85	383655,45
Obrigas recoñecidas no período 01-01/31-03-2011	20	21624,08
"ORs" pagadas	87	392035,4
"ORs" compensadas (1)	1	1498,6
"ORs" Pendantes de pago / Compensación (2)	17	11745,53

B) Facturas rexistradas no período 08/11/2010 a 09/02/2011

ESTADO DE TRAMITACION A 31-3-2011	Nº DE FACTURAS	% S/ ORs TOTAIS	IMPORTE (Ive Ingadido)	% S/ ORs TOTAIS
"ORs" Pagadas / Compensadas fora de prazo	381	65,76	807810,42	40,83
"ORs" Pendentes de Compensación (1)	5	0,91	24442,4	1,23
"ORs" Pendentes de pago (3)	52	9,47	197323,45	9,92
Total "ORs" que incumprén o prazo legal de pago	418	76,14	1029576,27	51,78
"ORs" aboadas dentro do prazo legal	131	23,86	95880,26	48,22
Total Obrigas Recoñecidas	549	100	1988426,53	100
Outras non recoñecidas	66		115868,19	
Total Facturas Rexistradas	615		2104424,72	

(1) Facturas nas que o acredor é ó mesmo tempo debedor do concello por débedas de natureza tributaria e/ou non tributaria, que se atopan en período recadatorio na vía executiva.

(2) Aboadas en abril- 2011 ----- 7 lecturas = 9.806,80 €

Resto pendente de abono / compensación ----- 10 facturas = 1.938,73 €

(3) Todas elas aboadas en abril / maio 2011

2.- Informe da Intervención:

2.1. Data de emisión: 1 de xuño de 2011

2.2. Epígrafe: Valoración do grado de cumprimento polo Concello de Nigrán, no primeiro trimestre de 2011, das obrigas establecidas na Lei 15/2010, de 5 de xullo.

2.3. Extracto: o Concello de Nigrán non efectuou o recoñecemento de trece obrigas (O) no prazo de tres meses desde a data de entrada das correspondentes facturas no rexistro xeral do Concello, así como no rexistro de facturas da Intervención (para as facturas recibidas desde o día 3.10.10 até o día 31.12.10), e sen que



se xustificara polo órgano xestor a ausencia de tramitación (artigo quinto.4 da LMMC)de unha das trece facturas citadas, pagada o día 5.05.11.

III.3. ACEPTACIÓN DOS CARGOS CON DEDICACIÓN

Aos efectos do disposto no art. 13.4. do Real Decreto 2568/1986, de 28 novembro 1986 (ROF) púxose á disposición dos membros do Pleno a documentación na que consta a aceptación polos seus titulares dos cargos con dedicacións exclusivas e parciais, que se relacionan:

A) Dedicacións exclusivas.

1. Titular da Alcaldía, **D. Alberto Valverde Pérez.**
2. Titular da Concellería Delegada de Turismo Cultura e Deporte, **D.ª Liliانا Silva Pequeño.**
3. Titular da Concellería Delegada de Vías e Obras, Servizos Urbanos e Relacións Veciñais, **D. José Álvarez Valverde.**

B) Dedicacións parciais.

1. Titular da Primeira Tenencia de Alcaldía e da Concellería Delegada de Urbanismo e Medio Ambiente, **D. Ignacio Vilas González.**
2. Titular da Concellería Delegada de Benestar Social e Sanidade, **D.ª M.ª Carmen Alonso-Macias Jorrete**

III.4.- ROGOS E PREGUNTAS

1.- *D. Juan Antonio González Pérez, do grupo socialista:*

1.1. Pide que que a páxina web e o Facebook do Concello de Nigrán non sexan a páxina web e o Facebook do Partido Popular de Nigrán. Que a páxina web do Concello de Nigrán sexa unha páxina Institucional.

Sr. Alcalde-Presidente: Terémolo en conta. O comprobaremos.

1.2.- Que nos expliquen que é o gabinete de comunicación do Concello de Nigrán e se ten consignación.

Sr. Alcalde-Presidente: Existen dúas persoas de confianza, unha que é a secretaria do Alcalde e outra que está facendo o labor de secretaria particular da Tenencia de Alcaldía. Dentro das súas funcións, esta segunda persoa se encarga dos comunicados que saen do Concello en relación a noticias. O nome de gabinete de comunicación simplemente é para darlle formalidade a esas noticias que se dan. Non hai ningún departamento de comunicación. Non hai consignación para ese departamento, simplemente é unha labor a maiores que realiza.

1.3.- Hoxe saíu na prensa que vostedes anunciaron tres aparcamentos no Concello de Nigrán. Un en Panxón e dous na zona de Praia América. Eu quería saber se están funcionando todos e se vostedes nos poden dicir se están cobrando por aparcar neses aparcadoiros que vostedes anunciaron como gratuitos e se cobra. Se cobra o Concello por aparcar aí queremos saber a cantidade que se ingresou e un informe dos servizos económicos deste Concello dicindo como e quen ingresou esas cantidades. Hoxe vostede dicía que non tiña constancia de que había ese aparcamento. Eu creio que con 23 policía que en todo un fin de semana de tres días ninguén se dera conta de que estaban cobrando nese aparcamento, iso simplemente é mentira. Eu fun a aparcar e me cobraron, me dixeron que se non pagaba non entraba. Como o Concello de Nigrán sortea un xamón entre aqueles que entran no parking, eu quería saber se hai consignación presupostaria para comprar ese xamón.

Sr. Alcalde-Presidente: Este goberno segue manifestando que é complicado vivir só do que sae na prensa, porque se vostede me pregunta directamente cales son os aparcamentos e o que está pasando aí non estaríamos discutindo, porque hoxe sae unha información errónea no periódico. Eses tres aparcamentos que nós puxemos en marcha, que creio que é unha medida excelente, máis nesta época. Conseguimos unhas parcelas para habilitar aparcamentos públicos gratuitos. Panxón ten unha zona que está arriba das pistas de Gaifar. Praia América ten unha zona que é unha finca cofecida que hai á beira do río Muíños. E do campo de fútbol que hoxe sae no Faro de Vigo non é unha zona habilitada polo Concello para aparcar. Polo tanto a miña contestación foi que se alguén está utilizando ese espazo que o Concello non autorizou para que se utilizase como aparcamento público nin gratuito nin de pago, enviaríamos, e enviamos á Policía Local a ver se era así. Dentro dos tres aparcamentos que o Concello de Nigrán habilitou nesta tempada de verán non está o campo de fútbol de Lourido. Non sei por que se estraña de que se cobre nese terreo, porque durante anos anteriores á Comisión de festas de Praia América, que é quen sortea o xamón, e vostede sabeo perfectamente, se lle permitiu cobrar unha entrada ou algo como isto. Non hai informe económico que pedir, porque non se lle está cobrando a ninguén polos espazos que se están habilitando. O que sae hoxe nos medios de comunicación sobre ese campo de fútbol non é un dos espazos habilitados polo Concello de Nigrán, polo tanto a Policía Local fai o seu traballo.

Sr. González Pérez: ¿Cal é o que habilita no entorno de Monte Lourido?

Sr. Alcalde-Presidente: Estamos en marcha para que se habilite esa zona ao lado do Hotel-Restaurante Miramar.

Sr. González Pérez: Vosteda di que no terreo habilitado na finca de Mario Puentes non se cobra. Vostedes permitiron que se cobrara.

Sr. Alcalde-Presidente: Se esa comisión de festas está condicionando a entrada a un recinto habilitado por este Concello non era cofecemento noso. Se esa comisión de festas segue facéndoo se lle chamará á orde. Outra cousa é que traten de ver que hai unha masificación de xente e que intenten vender esta rifa. O que está claro é que non hai consentimento de ningún tipo por parte deste goberno para que se venda nada en ningunha das parcelas habilitadas para aparcamento público gratuito.



Sr. González Pérez: Son evidencias. Os veciños de Nigrán o miraron e eu mirei e eu paguei. A min me cobraron, e no de Mario Puentes había un espazo pechado á entrada e lle preguntei e me dixeron que estaba gardado por si viña algún concellal.

Sr. Alcalde-Presidente: Invítolle a que teñamos unha reunión vostede, eu e o representante da comisión de festas e aclaremos esta cuestión. O que está claro é que ningún concelleiro deste goberno pediu unha praza para ninguén e menos que se lle dera autorización para vender nada.

Sr. González Pérez: Pídlle que a Policía Local teña un pouco máis de control.

1.4.- Fai tres anos aproximadamente, o Concello de Nigrán a través da súa concelleira de Xuventude e Igualdade instalou no paseo de Ramallosa unhas casetas que copiaban unhas casetas de baño que había en Praza América e servían para facer actividades culturais e sobre todo servíanlle ao centro de educación especial Juan María para vender os seus produtos e, sobre todo, para mostrarse ante a sociedade e dicir aquí estamos e existimos. Cando chegaron vostedes ao goberno quizás esta solidariedade non vala no programa electoral e vostedes o que decidiron foi tiralas. Non sentou ben iso entre algunha xente. Non sentou nada ben entre os representantes do Juan María. ¿Por que se tiraron esas casetas? ¿Quen tirou esas casetas?

Sr. Alcalde-Presidente: Considerábase que a situación na que estaban esas casetas non era a máis digna para que esta asociación fixera a labor que estaba facendo. Decidimos retirar esas casetas e intentar construír unha instalación nunhas condicións que sexan óptimas para que eles poidan utilizar esas casetas para a venda de utilaxe, pulseiras, etc. Estamos arranxando unhas casetas que na época en que había un pouco de vento tiñan problemas para aguantarse de pé, que cando chovía entraba auga dentro. Está previsto que os días 2 e 3 de agosto se celebre aquí unha feira de artesanía organizada polo centro Juan María na praza do Concello e o día 23 e 24 tamén.

Sr. González Pérez: Entón rógole que o concelleiro de Vías e obras non minta nos comunicados de prensa. Vou a leer: Departamento de comunicación, comunicación@nigran.org. José Álvarez Valverde: las casetas del Tío Ramiro se retiraron a petición del Colegio de Educación Especial Juan María. Nigrán 21 de xuño de 2011. El pasado sábado 18 de junio miembros del equipo de gobierno acudieron a una comida en el Centro de Educación Especial Juan María en Parada. En ese encuentro la directiva del centro solicitó al concejal de Vías y obras José Álvarez Valverde la retirada de las casetas del Tío Ramiro ante el lamentable estado en el que se encontraban. Un poco de viento y lluvia dejaba las casetas inutilizables tanto como almacén como para el mercadillo de los niños. Explica el concejal. Tras solicitar a los responsables del centro las dimensiones de la casetas, José Álvarez ordenó la retirada de las existentes con el objetivo de sustituirlas por otras nuevas... Facendo contraposición ao comunicado que saía protestando polas casetas. ¿Iso é verdade ou mentira? A comida foi o 18 de xuño e as casetas se retiraron o 14. A ver como na comida lle puideron dicir que tirara as casetas unha semana antes. Hai que facer as cousas ben. Isto é unha mentira que saíu na prensa e non se pode mentir desta maneira. Eu lle pregunto ao Concelleiro se isto que di vostede aquí é certo ou é

mentira.

Sr. Alcalde-Presidente: O asunto está aclarado. Tivemos unha reunión coa dirección do centro a semana seguinte e está perfectamente aclarado. Hai colaboración directa entre o Concello e o Centro e a situación é de normalidade neste momento.

1.5.- Nesta semana apareceron mortos peixes e moita sucidade no río Muíños. ¿Sabem cal é a orixe desa mortaldade de peixes e dese estado lamentable do río?.

Sr. Alcalde-Presidente: O estado lamentable do río Muíños é o resultado do estado lamentable que viña vivindo durante catro anos. Os tubos e a maleza non a puxemos nós nun mes. Non pasa nada, estamos para arranxar todas as desfeitas. Neste caso xa estamos limpando o río Muíños. En relación aos peixes, me gustaría que o portavoz do grupo socialista me dixera onde están eses peixes, porque postos en comunicación co SEPRONA, que supostamente iniciara unha investigación criminal, practicamente, coa repercusión que tivo nos medios de comunicación do que vostede tanto abondou. O SEPRONA nos di que non existe tal investigación por parte deles, e que o único que miraron foi unha troita morta e que non lle deron importancia. Se vostede sabe que hai peixes mortos e que hai un verquido, comuníqueo urxentemente a este goberno, porque trataremos de solventalo. O que saíu nos medios de comunicación alertando vostedes dunha contaminación, e que o SEPRONA tifa unha investigación aberta. Terán, que demostralo.

1.6.- Anunciaron vostedes a presentación dunha carreira que se chama "Nigrán Area", na que hai unha organización cunha persoa de contacto que é Omar Lorenzo. ¿Ten algún tipo de vinculación co Concello esta persoa?. Por outro lado dicirvos que neste Concello se organizou no último ano tamén unha carreira deste tipo na que participaron UNICEF e unha entidade que está traballando con moitos nenos e nenas de Nigrán, que é a Sociedade Atlética Val Miñor. ¿A que se debe que quen participe sexa unha empresa que se chama GOIBA, que está dedicada a adquisición de fincas rústicas, urbanas, terras, solares, edificios, e non á Sociedade Atlética Val Miñor?.

D^a Liliána Silva Pequeño, concelleira delegada: Nigrán Area vai a ser a primeira carreira popular Penxón - Praia América. A empresa organizadora non é tal. É o Concello de Nigrán, coa colaboración e contratación de Prime Time, que se encarga da realización de eventos deportivos. O resto da información non sei de onde a quitou. A empresa se chama Prime Time S. L., e é eventos de realización deportivos. Con respecto a Sociedade Atlética Val Miñor, o primeiro que se fixo dende a Concellería de Deportes foi falar con eles, e por capacidade e por tempo, máis que nada por tempo, non se vían capacitados, entre comillas, de realizar a proba en totais condicións. Entón se decidiu contratar a esta empresa.

Sr. Alcalde-Presidente: Se vai a organizar esta carreira coa colaboración da Deputación de Pontevedra. Este deputado conseguiu que a Deputación, por mediación tamén da Concellería de Deportes, se conseguira a financiación dunha parte moi importante por parte de este organismo provincial. É certo que a que se fixo o ano pasado coa colaboración de UNICEF tamén sería interesante. Con Sociedade Atlética Val Miñor non se chegou a un entendemento porque eles consideraban que non eran capaces



e no tempo que tiñamos para organizar. Creo que se vai a organizar ben, e sobre todo, o esforzo económico que ten que facer o Concello é solventado neste caso pola aportación da Deputación de Pontevedra.

Sr. González Pérez: Algún día a Sociedade Atlética Val Miñor poderá dicir o que realmente pasa

1.7.- Non é un problema que lle afecte a Nigrán, pero si a Baiona, que é o problema da auga, eu quixera saber se este transvase durante tanto tempo a Baiona pode supor para a ETAP de Priegue algún problema, se ten a capacidade suficiente para seguir así todo o verán.

Sr. Alcalde-Presidente: Como vostede sabe, a ETAP de Priegue ten uns problemas de fai moito tempo. Cando foi a construción desa instalación por parte do goberno da Xunta, non se fixo coa capacidade que se había contratado, polo tanto hai un problema, pero vostede fala do problema do subministro de auga a Baiona. Nós o que estamos facendo é utilizar as nosas tubrías para darlle a auga que ven do Concello de Vigo a Baiona. Levamos feitas varias reunións entre representantes de Augas de Galicia, representantes de Espina y Delfin e representantes de Aguas Nigrán e co Alcalde de Baiona. Estamos na tramitación dun acordo para ver en que condicións se lle cobra o subministro desta auga a Baiona e o primeiro que se lle puxo como condicionante foi que utilizará os medios de Nigrán sempre que non haxa o risco de que Nigrán non teña dificultades de subministro de auga para os seus propios veciños. Este goberno está facendo as xestións oportunas para que en breve se poida facer algún tipo de actuación nesa depuradora que resolva un dos graves problemas que leva Nigrán durante moitos anos herdados.

1.8.- Deixaremos para o Pleno seguinte preguntar cal foi o custe real do servizo de Policía, Protección Civil, etc. nas festas de Panxón, porque onte cando fomos a solicitar un informe a un departamento nos dixeron que o Alcalde non permitía que se nos entregara ese informe se non se solicitaba por escrito. Eu creo que é unha tendencia negativa. Aquí hai concelleiros que foron concelleiros nos últimos catro anos e pola nosa parte sempre lle deixamos buscar onde lle dera a gana, porque son igual de concelleiros o Alcalde ou calquera de vós, como calquera de nós, igual de representantes dos veciños, e tristemente onte o Alcalde nos prohibiu unha documentación e nos tocará traela para outro Pleno.

Sr. Alcalde-Presidente: Falaremos dese asunto. Se quere lle dou as cifras, que as teño aquí. Invitaría que a súa compañeira medise as súas formas e os seus modais cando se dirixa ao Alcalde ou a calquera membro, xa sexa funcionario ou non deste Concello, porque creo que vociferar que isto é unha vergonza non son as formas máis correctas para dirixirse a ninguén. Nós durante catro anos calquera papel que quixéramos sacar deste Concello tivo que facerse un escrito por Rexistro para que se nos dese copia desa documentación. Ademais engadido o seguinte: cada unha das copias en determinados departamentos se empezaron a por selos conforme se nos entregaba, a quen e a data, que me parece correcto e é o proceso que se está seguindo. O único que lle dixen á súa compañeira, e non lle din orde a ninguén de que non se lle permita acceso nin levar nada, senón que se faga como houbo que facelo nos últimos anos, pedir por rexistro a copia da documentación que se necesita, polo tanto iso non é de agora. Necesitamos un rigor e un control.

1.9.- Na prensa saíu unha información sobre un concelleiro deste goberno, Alberto García Pazos, dunha irregularidade urbanística. Eu non quero facer sangue disto, porque nós sufrimos na nosa propia carne o sangue que vostedes fixeron con nós. Vamos a intentar seguir á manxe. O que pasa é que nas declaracións que fai este concelleiro fala cousas bastantes estrañas, que o Alcalde anterior deu carpetazo ao asunto e que meses despois un político ao que non quere nomear o reactivou para desprestixialo. Eu creo que para un tema tan complicado, son afirmacións difíciles de asumir e difíciles de entender. Eu creo que primeiro de todo é que o Alcalde e o Concelleiro de Urbanismo que hai agora o saben, eles non arquivan nin deixan de arquivar un expediente porque o Alcalde queira ou o Concelleiro queira, nin un membro da oposición queira. As cousas se arquivan porque teñen que arquivarse e as cousas prescriben cando teñen que prescribir. Si que é certo que vostede na súa vivenda ten estas irregularidades urbanísticas, é un expediente antigo, do ano 2001 ou 2002 e creo que si debería dar explicacións, porque agora é membro do goberno, de cal vai a ser a súa postura a partir de agora ao respecto, e incluso lle diría que nos Decretos que se asinaron este mes, vostede como membro do goberno, decidiu ir a un contencioso-administrativo contra a decisión do propio goberno. Cal vai a ser a paradoxa de que o goberno de Nigrán vai a ter que contratar un letrado para defenderse contra a denuncia feita por un membro do goberno. Eu creo que non é algo realmente normal. Non quero comparar, pero creo que é infinitamente máis grave que o que pasou con outro concelleiro neste Concello e que levou un auténtico acoso e derribo por parte de moitos grupos políticos, entre eles o Partido Popular. Desgraciadamente non atopei ese folleto que vostedes foron levando casa a casa, no que o Partido Popular esixe a dimisión de Cándido por irregularidades urbanísticas. Veremos cal é a nosa postura e lle anunciamos que vamos a seguir este tema. Quixera saber que medidas se van a adoptar por parte do Concello.

Sr. Alcalde-Presidente: Eu penso que antes que concelleiro é un veciño máis, e ten todo o dereito do mundo a defenderse, sexa contra esta administración á que el mesmo representa ou non, e máis cando vostede debería coñecer perfectamente, como ex-concelleiro de urbanismo, como está ese expediente, de que data ven e cal é a realidade dese expediente. Nese escrito que sae nos medios de comunicación se criticaba ao Partido Popular que cando foi a cuestión de Cándido Costas que vostede mencionou, o Partido Popular tomou unha decisión belixerante, non demasiado agresiva contra Cándido Costas por se se ía a detectar algo como isto. Nós na época na que Cándido Costas estaba de actualidade por un tema urbanístico dixemos que toda persoa ten dereito a defenderse, e neste caso está un proceso aberto ao Sr. Cándido Costas por unha actuación urbanística na parroquia de Camos. Cando pedimos a dimisión é polo seguinte motivo, que Cándido Costas estaba condenado en sentenza firme por uns actos do devandito 2 de xuño, cando se atacou o Concello de Nigrán. A petición por parte do grupo popular naquel momento, da dimisión de Cándido Costas era pola sentenza firme condenatoria a este concelleiro nese momento, polos ataques ao Concello de Nigrán. Nada que ver co tema da súa denuncia ou situación urbanística. Se recuperamos as actas veremos a realidade. Este goberno actuará como ante cada un dos veciños que estean na mesma situación. Alberto García Pazos é concelleiro desta Corporación, o seguirá sendo e ao mesmo tempo é veciño deste municipio. O expediente está en informe dos técnicos deste municipio e terá que resolverse como se resolvería calquera expediente na mesma situación doutros veciños, que hai cantidade de expedientes nesta situación. O goberno non ten dúas varas de medir.



Sr. Alberto García Pazos, do grupo popular: En primer lugar, cuando hablas de irregularidades deberías hablar de presuntas irregularidades. Tu te estás basando en un informe técnico, el informe técnico es parte, pero los informes técnicos pueden ser múltiples. Las leyes pueden ser interpretables por una persona de una forma y por otra de otra. Quien al final determina la validez de la interpretación son los tribunales. Ese expediente nunca llegó a finalizarse, nunca se me dio contestación a los requerimientos ni a las alegaciones que hice yo. El expediente quedó inconcluso. Yo no puedo perder el derecho porque una administración no haya concluido un expediente. Está dando usted por válidas unas interpretaciones, una redacción que hace un periodista. Está poniendo usted en mi boca unas palabras que escribe un periodista. No es ningún comunicado de prensa. Claro que me voy a defender, voy a exigir no solo administrativamente sino incluso, se está revisando ahora mismo en el expediente si se me ha dado el mismo trato, los mismos derechos que cualquier ciudadano de Nigrán, o se me han cortado derechos por ser la persona que era. Ahora mismo está en un despacho de penalistas viendo si en todo el procedimiento se me ha tratado de forma distinta a como se tenía que tratar a cualquier ciudadano de Nigrán. No tengo nada que esconder porque no he hecho nada que no se pudiera hacer. A veces las cosas hay que pensarlas antes de hacerlas.

Sr. González Pérez: Por suposto que as cousas hai que pensalas antes de facelas, solo faltaría agora que a presunta irregularidade urbanística que din os técnicos municipais que hai dun concelleiro deste goberno sexa culpa da oposición. Penso que quen debe pensar as cousas antes de facelas é quen fai esa suposta irregularidade e non quen atende aos informes técnicos e atende a declaracións na prensa. Respondendo ao de Cándido, vostedes saben perfectamente como foi o proceso de acoso e derribo a Cándido Costas. Sábennos perfectamente, que no Pleno que se lle quería dar media dedicación e no último momento cambiaran a estratexia, e sobre todo cambiara a súa estratexia, Alberto García Pazos, da súa votación, porque a Cándido lle dixo directamente o que pensaba, e a min me fixo traballar toda unha tarde e toda unha mañá e que na acta dese Pleno sala o que sae, perfectamente, pero que vostedes tiveron un acoso e derribo contra un concelleiro deste goberno, que tamén era presuntísimo, foi un acoso e derribo non tibio, senón total, e polo tanto non poden dicir agora que non. Eu creo que teñen sorte, porque isto que estou facendo agora me revolve o estómago. Nós tragamos no tema de Cándido. Alberto o sabe, porque moitas conversacións tivo con el Efrén e moitas conversacións tivo con el Cándido neste sentido, e polo tanto no podeades dicir agora que vos fostes corderitos. Vos facíades política pura e dura contra Cándido.

Sr. Alcalde-Presidente: Estás confundindo demasiadas cousas e é moi perigoso confundir demasiadas cousas ao mesmo tempo. Suporto que de aí esa dor de estómago. Podemos recuperar calquera acta e en calquera delas poderá aparecer que o Partido Popular non fixo sangue de Cándido Costas en relación á súa presunta actuación delictiva urbanísticamente, que todos sabemos cal é. Onde si fomos duros en pedir a súa dimisión foi por unha sentenza firme na que se condenaba a Cándido Costas polas actuacións de xuño.

Sr. García Pazos: Cuando me estaba refiriendo a la defensa, entiendo que los fundamentos de defensa que me tiene que dar a mi el Concello cuando se dirige a mi,

tienen que ser los mismos que con otra persona. Yo no puedo tener escritos y que no se me dé la misma presunción de inocencia que cualquier ciudadano. Eso figura en el expediente. No puedo todavía entender cómo fragmentos de un expediente que se relatan en los medios de comunicación pueden estar fuera de las dependencias donde tienen que estar custodiados.

2.- D. Antonio Fernández Comesaña, do grupo mixto:

Aclarar que cando o grupo mixto está presente nas comisións e nos órganos Colexados, non procede que se diga que o resultado da votación é dos dous membros do grupo mixto. Somos dous partidos e cada un actúa de forma independente. Na prensa saíu con respecto a Comisión de Facenda, que no expediente de modificación orzamentaria eu me abstiven e se puxo que o BNG tamén se abstivera, cando cada un representa ao seu grupo.

2.1.- Como consecuencia da obras da Estrada pola Vía no cruce da Rúa Marifeiro e Rúa Otero Pedraio, se está facendo unha rotonda e non sei se mirastes que alí hai un tramo de acera que está cortado onde está a fonte, que vai a quedar moi perigoso. Traten de negociar a posibilidade de continuar esas aceras para darlle unha solución.

2.2.- Con respecto a Nigrán Area a información que teño é diferente en canto a que Sociedade Atlética Val Miñor estivo en contacto co goberno e había certa predisposición a levalo a cabo. Incluso desde o propio goberno se lle mostrara a conformidade. Inicialmente creo que o orzamento era algo elevado e con posterioridade, unha vez reducido, se lle deu a conformidade. Despois se lle deu marcha atrás. Quería saber, se isto foi así, por qué, e cal é o custe deste evento e con que patrocinadores se conta.

Dª Liliana Silva Pequeno, concelleira delegada: Tuvimos cuatro reuniones con la Sociedad Atlética Val Miñor. Por tiempo ellos me pusieron una serie de inconvenientes y que podía haber cosas que no quedarán bien realizadas. Otro de los inconvenientes era que sus colaboradores o ayudantes le pedían la forma de pago por anticipado. Yo creo que esta carrera, que antes se llamaba Memorial Mario Puentes, la empresa ponía una cantidad de dinero por adelantado y con ese dinero pagaban una serie de gastos a proveedores antes del evento. Me comentaron que los proveedores les estaban poniendo muchos inconvenientes. Recibiendo una aportación de la Diputación de Pontevedra, tenía que hacer la carrera, como así se lo hice constar a ellos. Yo abrí vías a otras posibilidades, en este caso con la empresa organizadora de eventos. Me dieron la confianza, el precio era menor y vi que no tendría problema con esta empresa. También le dije a Sociedade Atlética Val Miñor que a partir de enero empezaría a hablar con ellos para que la segunda carrera la pudieramos hacer con ellos. La cifra exacta no la sé concretamente. Se la comunicaré por escrito.

Sr. Fernández Comesaña: Quería saber se esta carreira vai a substituír o Memorial Mario Puentes.

Sra. Silva Pequeno: En el momento en que entramos en el Concello una de las pruebas que queríamos recuperar, por su interés deportivo y turístico, era la carrera por la playa. Por protocolo y por respecto a la familia Mario Puentes uno de los primeros contactos fue con la familia y con la empresa Mario Puentes. No le pedimos ningún tipo de aporte



económico, solo colaboración, si ellos querían seguir manteniendo el nombre a nosotros no nos importaba. Fueron ellos los que decidieron, porque les parecía una falta de respeto un año si otro no, por haberla perdido anteriormente, plasmar el nombre en una prueba que el Concello se encargó de eliminar. La diferencia es que no se van a dar premios económicos.

Sr. Alcalde-Presidente: O interesante era realizar unha actividade que levara o nome do Concello.

2.6.- Antes se fixo referencia a un Decreto que se incorporou a última hora, que é a modificación do contrato de redacción do Plan Xeral de Ordenación Municipal. Sorprende sobre maneira que este Decreto se fixera con data 20 de xullo. Quero recordar que no Pleno de 22 de decembro, co anterior goberno, se trouxo a este Pleno a urxencia que había en todo este proceso e propuxo á Corporación que a competencia que tiña atribuída o Pleno se delegara no Alcalde, para poder modificar un contrato que se adjudicara en xuño de 2006, asinado en xullo, que en principio chocaba porque se ía a modificar un contrato por un órgano distinto a quen o aprobará. Lle pregunto se aquela delegación de competencias, que foi puntual por este feito concreto, se agora se vai a devolver ao Pleno. E aproveitando, manifestar que esta modificación pode ser de dubidosa legalidade. O Interventor emitiu un informe de data 28 de xuño establecendo reparos. Pido que se nos facilite o informe e a documentación deste expediente para poder consultalo. A pregunta é por qué esta modificación deste contrato se demorou tanto tempo, cando naquel Pleno vostede se encontrou con este problema, porque unha das razóns que se fixeron valer naquel momento foi a inmediatez e a urxencia de que había que presentalo ante a Xunta. Vemos que pasaron sete meses e que non había urxencia, mais ben era coartar esa posibilidade de que fora o Pleno quen se pronunciara. A pesar de que vostedes apoiaron naquel momento que se retirara a competencia que tiña o Pleno. Naquel momento tamén se pedía, incluso o Alcalde fixera manifestacións de que antes de tomar a decisión se convocaría á comisión informativa para darlle conta. Me gustaría que me explicara por que non se convocou a comisión informativa para darnos conta.

Sr. Alcalde-Presidente: Por que se demorou non será para min porque o que se fixo foi cumprir con un plantexamento que fixera o Pleno de decembro de 2010. A xestión do partido socialista chegou a que pasados seis non se asinara a modificación do contrato coa empresa redactora. Nós nun mes pechamos a cuestión. Que é certo o que di Antonio, naquel momento se xustificou pola premura que tiña que darse a un trámite e durou seis meses, se pechou no sétimo. En canto ás competencias, hai que analízalo, eu non teño en devolvelle competencias ao Pleno. Eu non teño inconveniente.

Sr. Fernández Comesaña: Pide que se devolvan esas competencias ao Pleno.

Sr. Alcalde-Presidente: O analizaremos.

Sr. Fernández Comesaña: O da comisión informativa supoño que non se daría conta. Creo que non quedou constancia no acordo, que foi de verbalmente.

Sr. Alcalde-Presidente: Recoñezo que se foi verbal ou non me enterel ou non tiveron cofiecemento.

Ó non haber máis asuntos que tratar, rematouse o acto, e o Sr. Alcalde levantou a sesión á hora anteriormente consignada, do que eu, Secretario, dou fe.